

COMUNICADO Nº 051/23

21 DE MARZO DE 2023

MODIFICACIÓN ORDE DE SAÍDA PIRELLI AMF E VOLANTE FGA

De cara ao inminente inicio da tempada no Campionato Galego de Ralis, acordouse a modificación da orde de saída de dúas das fórmulas de promoción do autonómico de cara a mellorar a seguridade e a competitividade de ambos formatos.

Desta forma, xa dende o Rallye A Coruña, os participantes da Pirelli AMF pasarán a saír por diante dos integrantes do Volante FGA, xa que tal e como se puido observar na pasada tempada, as súas prestacións son visiblemente maiores en canto a resultados por treito e na clasificación xeral das probas puntuables para o Campionato Galego de Ralis.

Esta modificación da orde na lista de inscritos e de saída dos equipos presentes en ambos formatos será beneficiosa para competición, xa que evitará reclamacións e favorecerá o bo desenrolo de todas e cada unha das citas puntuables do certame autonómico.